

8M CONCELLO DE DUMBRÍA



**Abrindo camiños en
igualdade**



XORNADAS

“As Mulleres na Antigüidade”

*Unha viaxe pola historia para descubrir o papel
das mulleres en Exipto, Roma, Grecia e no
mundo celta.*

Abrindo as portas ao coñecemento

Unha viaxe pola historia

Durante o mes de marzo, propoñemos unha análise do rol feminino na Antigüidade e a súa importancia na construción da nosa historia común.

Rescatamos as voces de raíñas, sacerdotisas, matronas, filósofas, guerreiras e cidadás das grandes civilizacións do Mediterráneo e do mundo celta. Mulleres silenciadas pola historiografía tradicional que foron protagonistas do seu tempo.

Unha viaxe ao pasado para comprender mellor o presente.



7,14,21 e 28 de marzo



11:30 horas



Instalacións Municipais O Conco - Dumbría



Con Nieves García Centeno

Entrada libre ata completar aforo

7 de marzo: As mulleres no Antigo Exipto

Unha civilización onde as mulleres podían posuír terras, divorciarse ou gobernar. Entre templos, pirámides e o Nilo, descubriremos historias de poder feminino que desafían a imaxe tradicional do mundo antigo.

14 de marzo: As mulleres na Roma Antiga

Nun imperio dominado por homes, as mulleres moveron fíos invisibles. Matronas, escravas, emperatrices... vidas marcadas pola lei, pero tamén pola influencia silenciosa.

21 de marzo: As mulleres na Grecia Clásica

Recluídas no fogar, pero inmortais na mitoloxía. Entre o silencio do xineceo e a voz de Safo, achegarémonos ás luces e sombras da experiencia feminina na Grecia antiga.

28 de marzo: As mulleres no mundo celta

Guerreiras, druídas, nais de linaxe. No corazón dos castros, as mulleres tamén deixaron pegada nun mundo que a historia apenas contou.